

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL

ESPECIAL

EVENTOS/RECOMENDACIÓNS CULTURAIS EN INTERNET E INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O CORONAVIRUS

XUÑO 2020

PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

COMO VAI SER O SAN FROLÍÁN 2.020?



Maite Ferreiro - Responsable da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

ENCONTRO DE
MAITE FERREIRO
E PERSOAS
IMPLICADAS NO
SAN FROLÍÁN

XOVES 04 DE XUÑO - 18:00

DIRECTO NO FACEBOOK
DE CULTURA E TURISMO:
@LugoTurismo



COMUNICADO: Este xoves 04/06 Maite Ferreiro debaterá sobre o San Froilán 2020 con axentes vencellados á festa grande de Lugo en directo na conta de Facebook da área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (18:00 horas)
<https://www.facebook.com/LugoTurismo/>

Maite Ferreiro declarou que "a día de hoxe non sabemos cal vai ser a situación sanitaria en outubro, mais estamos traballando en facer as mellores festas cumprindo as indicacións das autoridades sanitarias".

Na palestra, titulada "Como vai ser o San Froilán 2020", Maite Ferreiro recollerá tamén as propostas dos colectivos vencellados ao San Froilán e presentará as medidas nas que a área de Cultura está xa a traballar "para conseguir unhas festas seguras e nas que poida participar toda a veciñanza de Lugo".

Maite Ferreiro afirmou que "o San Froilán deste ano celebrarase, mais non terá nada que ver co que estamos afeitas a gozar".

"Queremos que o San Froilán siga sendo a gran festa do outono galego, mais tamén garantir a seguridade da veciñanza de Lugo", afirmou Maite Ferreiro. A edil de cultura animou ás veciñas e veciños "a asistir a esta xuntanza virtual e aportar as súas ideas para conservar as nosas festas más emblemáticas".

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



A área de Cultura acompaña os paseos pola Muralla con música en directo



A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua poñerá en marcha a iniciativa musical **Muralleando Sen Parar**, que aportará un fio musical ao redor da Ronda da Muralla con 36 formacións musicais lúxenses de todos os estilos. Segundo declarou a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, “trátase dunha aposte polo tecido cultural local, polo son e pola música de Lugo, representado nos distintos estilos musicais”.

Maite Ferreiro destacou esta iniciativa como “o que a peonalización da Ronda da Muralla pode ofertar ás veciñas e veciños de Lugo”. “Os grupos musicais estarán dispostos en diversos puntos dos xardíns da Ronda da muralla, de maneira que unha volta á muralla se convertirá tamén nunha viaxe musical”, afirmou Maite Ferreiro.

VENRES 05 DE XUÑO entre as 20:30 e as 22 horas

Patuk Band, Man de Santo e Pinguela actuando na zona entre San Fernando e o edificio administrativo da Xunta de Galiza, na Mosqueira e en Porta Miñá respectivamente.

SÁBADO 06/06 entre as 20:30 e as 22 horas

Cavianca animará Bispo Aguirre, Lacón Con Grellos Blues Band situarse na rúa Nova e The Old Project animará a rúa do Teatro.

DOMINGO 07/06 entre as 20:30 e as 22 horas

FUNKOMBO na zona entre San Fernando e o edificio administrativo da Xunta de Galiza, Muddy Doll na Mosqueira e Ship of Fools en Porta Miñá.

Maite Ferreiro animou á veciñanza a “utilizar o novo paseo peonil da Ronda da Muralla e a propia Muralla como zona de paseo e asistir ao mesmo tempo a esta nova maneira de disfrutar e descubrir a cultura de Lugo”.

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



A área de Cultura reabre a
**BIBLIOTECA MUNICIPAL
ISIDRO NOVO**

Maite Ferreiro: "segundo as indicacións das autoridades sanitarias,
só se ofertará servizo de préstamo e devolución mediante cita previa"

Os libros devoltos permanecerán en corentena durante 14 días

#activandolugo



DIRECCIÓN

Avenida da Coruña s/n - Parque da Milagrosa
27003 - Lugo

CONTACTO

bibliotecamunicipal@concellodelugo.org
982 297 415



A área de Cultura reabre a Biblioteca Municipal de Lugo

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou de que a biblioteca municipal Isidro Novo volve abrir unha vez foi permitido polas autoridades sanitarias. Segundo informou Maite Ferreiro, "nesta primeira apertura, só se permitirá o préstamo e devolución de libros pedindo cita previa".

"Só se permitirá circular por espazos delimitados, mantendo a distancia de seguridade e pedindo á veciñanza que cumpla coas medidas de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias", informou Maite Ferreiro, que engadiu "o edificio cumpre coas condicións de limpeza e desinfección axeitadas e as obras devoltas cumplen un período de corentena de 14 días".

A edil de Cultura lembrou que se pode consultar o catálogo da biblioteca no portal biblioteca.lugo.gal. A biblioteca abrirá 11 a 14 horas e de 17 a 20, mais para acudir será preciso cita previa, que se poderá solicitar no teléfono 982 277 414 ou no correo electrónico prestamos@lugo.gal. Maite Ferreiro declarou que os préstamos vencidos durante o estado de alarma ampliaranse até o 12 de xuño.

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



ATENCIÓN

CONVOCATORIA DO POSTO DE DIRECCIÓN DA BANDA MUNICIPAL

#activandolugo



Reactívase a convocatoria do posto de Dirección da Banda Municipal

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou que, co avance do proceso de desescalada, reactivouse o proceso selectivo para o acceso á praza de Dirección da Banda Municipal de Música de Lugo.

“O procedemento será por oposición libre e a persoa que acade a praza asumirá a xefatura tanto do servizo da Banda como da Escola Municipal de Música de Lugo - ESMU Lugo” informou Maite Ferreiro que sinalou “así dárase cobertura á dirección da banda de música que está vacante dende a xubilación do anterior director en setembro de 2016, e permitirá consolidar a Banda Municipal e a Escola de Música”.

“Lugo non pode permitirse o luxo de ter unha banda con máis de 140 anos de historia, sen ensaiar e sen tocar por falta de dirección”, declarou a edil de Cultura, que agradeceu “o traballo do persoal municipal durante o estado de alarma e a implicación das integrantes da Banda Municipal durante estes meses, para manter vivo un servizo ás veciñas e veciños de Lugo a pesares de todas as dificultades”.

A praza a cubrir é do grupo A1 e as persoas que se presenten deberán acreditar, entre outras, a titulación superior de música na especialidade de dirección de orquestra. As persoas interesadas poderán comezar a presentar as solicitudes, e o prazo durará 20 días hábiles.

As probas constarán dun exercicio teórico e dunha proba práctica na que as persoas aspirantes terán que instrumentar unha obra, facer unha análise completa dunha partitura e dirixir un ensaio da banda con dúas obras musicais. O temario consta de 72 temas e unha vez resolto o proceso selectivo para a cobertura definitiva da praza creárase unha lista de agarda coas persoas que superarán a proba selectiva.

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



Lugo terá un Auto-Cine

no aparcadoiro do Pazo Universitario de Deportes



AUTO-CINE!



COMUNICADO: "Lugo terá un Auto-Cine o vindeiro mes" anunciou Maite Ferreiro concelleira de cultura. A programación cultural completarase con actuacións musicais na ronda da Muralla e teatro en prazas aforadas da cidade

Lugo, 23 de maio de 2020. A edil de cultura do concello avanza que será a programación cultural prevista para o comezo do verán na cidade de Lugo. Maite Ferreiro sinalou "adaptámos as propostas a realidade que estamos a vivir, pensando sobre todo nas medidas de prevención que se deben manter xa que a saúde ten que ser o primeiro" e engadiu "queremos que a cultura volva a rúa e pensamos sobre todo en dúas cuestións: ter animación na cidade e manter a actividade dos grupos e artistas locais".

Auto-Cine. En colaboración coa Área de Cultura da Deputación Vicepresidencia. Deputación de Lugo. Lugar: aparcadoiro do Pazo Universitario de Deportes. Para poder acceder haberá que solicitar a correspondente invitación (cando se anuncie o programa informárase de cómo retirar a invitación)

Muralleando Sen Parar. A ronda da Muralla será escenario de varios concertos simultáneos de grupos e artistas locais. "A xente non deberá pararse a ver os concertos, a idea é disfrutar da música mentres caminhamos" indicou Maite Ferreiro.

Artes escénicas en espazos abertos. "Imos aproveita as prazas da cidade que nos permitan controlar o aforo de asistencia e cumplir coa normativa" dixo Maite Ferreiro.

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓN
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
 Concellería de Cultura,
 Turismo e Promoción
 da Lingua



POESÍA NAS RÚAS DE LUGO

Podes atopar as citas en:

Avd da Coruña altura Parque da Milagrosa (Ánxel Fole)
 Avd da Coruña cruce cara Praza Viana Do Castelo (Carvalho Calero)
 Avd da Coruña con Concepción Arenal (Novoneyra)
 Praza da Milagrosa con Divina Pastora (Leiras Pulpeiro)
 Fonte dos Ranchos con Rúa Chantada. (Celso Emilio)
 Horta do Seminario con Bispo Aguirre (Ánxel Fole)
 Avd de Madrid altura paso de peóns Policía Autonómica e Seguridade Social (Ramón Cabanillas)
 Entrada Conservatorio Danza. (Novoneyra)
 Praza Augas Férrreas. (Rosalía)
 San Roque con Praza Mártires de Corral. (Lois Pereiro)
 Entrada Párque Rosalía de Castro. (Rosalía)
 Ramón Ferreiro altura da biblioteca. (Noriega Varela)
 Marina Española, fronte a colexio Rosalía de Castro. (Rosalía)
 Entrada lateral Párque Rosalía antes de Rúa Pascual Veiga. (María Victoria Moreno)
 Frente á Estación de tren. (Manuel Antonio)
 Duquesa de Lugo/Infanta Elena (diante do MIHL). (Valentín Paz Andrade)
 Entrada Facultade Humanidades. (Eduardo Pondal)
 Rúa Santiago altura colexio As Josefinas (Lois Pereiro)
 Parque de Rosalía de Castro (pista de patinaxe). (María Mariño)
 Paseo do Miño ao lado do Carrefour. (Díaz Castro)
 Paseo do Miño baixo Pazo de Feiras. (Castelao)
 Paseo do Miño altura Fábrica da luz. (María Victoria Moreno)
 Frente IES Leiras Pulpeiro. (Leiras Pulpeiro)
 Avenida Breogán altura Colexio Casás. (Ramón Piñeiro)
 Praza Castiñeiriño. (Lamas Cárvalho)
 Avenida das Américas. (Noriega Varela)
 Paseo do Miño altura Ponte Romana. (Manuel María)
 Praza Viana do Castelo. (Novoneyra)
 Rúa Serra de Meira/Sagrado Corazón. (Francisca Garrido)
 Ángelo Colocci altura IES Ánxel Fole. (Ánxel Fole)
 Rúa Ourense con Rúa Anduriñas. (Celso Emilio Ferreiro)
 Rúa Menorca. (Álvaro Cunqueiro)
 Camiño Real con Rúa Tui. (Manuel María)
 Rúa Santo Grial altura da entrada do Colexio Luís Pimentel. (Luis Pimentel)
 Praza Milagrosa con Rúa Curros Enríquez. (Manuel María)

Esta área en colaboración co **artista license** Iago Eireos (facebook.com/iago.eireos), distribuíu polas beirarrúas de Lugo 50 citas literarias de Rosalía de Castro, Castelao, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Luís Pimentel, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Uxío Novoneyra, Manuel Antonio, Leiras Pulpeiro, Lamas Cárvalho, Francisca Herrera Garrido, Celso Emilio Ferreiro, Valentín Paz Andrade, Álvaro Cunqueiro, María Mariño Cárvalho, Lois Pereiro, Roberto Vidal Bolaño, Díaz Castro, Manuel María, María Victoria Moreno, Carlos Casares e Cárvalho Calero.



Fotos de **FESTIGALEIROS**, **proyecto license** que comezou a andar durante o confinamento: directorio de Festas, Ferias e mercados populares de Galicia. Contas a seguir:

www.facebook.com/Festigaleiros-100395014810058/
www.instagram.com/festigaleiros

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET


XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



CONCELLO DE
LUGO
CONCELLERÍA DE
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

O VELLO CÁRCERE



Os centros culturais municipais están a compartir numerosas actividades didácticas e de ocio cultural nas súas contas das redes. Séguelos nos seus perfís:

MIHL:

www.facebook.com/museomihl
www.instagram.com/Mihl_museo

O Vello Cárcere:

www.facebook.com/OVelloCarcere
www.instagram.com/ovelloccarcere

Museos municipais:

www.instagram.com/museos_turismodelugo
www.facebook.com/TurismodeLugo

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



CONCELLO DE
LUGO
ÁREA DE
MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS

#activandolugo

CONCELLODELUGO.GAL

TECENDO BRINCADEIRAS

Xogos pintados nas rúas de Lugo
para que xoguen as nenas e nenos



PINTADOS NAS BEIRRÚAS
DO LADO DEREITO,
RECORDANDO A RECOMENDACIÓN DE
CAMINAR POR ESTE LADO PARA ASEGURAR O
DISTANCIAMENTO SOCIAL



60 PUNTOS DE XOGO
PARA AVANZAR CO PASEO, E NON PARA
DETERSE NELES
EN 6 ZONAS DISTINTAS DA CIDADE



- Rúa das Artes
- Avenida Magoi
- Rúa Cánovas del Castillo
- Rúa Armónica
- Ronda de Fingoi
- Pintor Corredoira
- República Argentina
- Rúa Cidade de Viveiro
- Ronda do Carme
- Fonte dos Ranchos
- Rúa Saúde
- Rúa Bidueiro
- Av. das Américas
- Rúa Mandeo
- Lamas de Prado
- Praza Castiñeiro
- Rúa Aquilino Iglesias Alvariño
- Rúa Orquídea
- Rúa Tui
- Camiño Real
- Praza Bretaña
- Praza Horta do Seminario
- Ramón Ferreiro
- San Roque
- Rúa Fontiñas
- Catasol
- Rúa Angelo Colloci
- Rúa Poeta Manuel María
- Av. da Coruña
- Av. de Madrid
- Rúa Monte Faro
- Rúa do Fontelo
- Rúa Paradai
- Rúa do Conde
- Rúa Miguel de Cervantes
- Rúa Monteros Ríos
- Rúa Divina Pastora
- Praza Milagrosa
- Rúa Menorca
- Rúa San Lourenzo

MAPA EN DETALLE EN
<https://bit.ly/3bYcAJY>

Promove

Área de Mobilidade e Infraestruturas + Gabinete de psicoloxía de Natalia García

Baixo o nome de Tecendo Brincadeiras, a área de Mobilidade e Infraestruturas xunto co gabinete de psicoloxía e terapia familiar de Natalia García propoñen achegar espazos interactivos que permitan ás nenas e nenos desfrutar das saídas á rúa creando espazos lúdicos que permitan xogar en igualdade e sacar o máximo rendemento dos paseos no exterior.

Toda a info:

<https://bit.ly/3bYcAJY>

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



#quedanacasa

O CONCELLO AO TEU SERVIZO NO
010 / 982 297 350

010

Concello de Lugo



CONTACTA
con todos
os servizos
municipais



SOLICITA
Información



VOLUNTARIADO
Educativo

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



VOLUNTARIADO EDUCATIVO TELÉFONICO EN LUGO



DOCENTES

Adica un pouco do teu tempo a resolver
dúbihdas nas materias escolares

Chama ao 010 e apúntate
indicando a especialidade e
horario no que podes axudar

FAMILIAS

Familias de Lugo que necesiten
apoio escolar

Chama ao 010 e poñeránste
en contacto co/a docente

IMPORTANTE: OS/AS DOCENTES NON SABEN EN NINGÚN MOMENTO
NIN DATOS PERSOAIS NIN DE CONTACTO DA FAMILIA



LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



**MERCA NA
PRAZA DE ABASTOS
E NO MERCADO
MUNICIPAL DE LUGO**

CONFÍA NOS PRODUCTOS E NA XENTE DA CASA



+ información:
mercadodelugo.gal



SERVIZO A DOMICILIO

en todos os postos

SERVIZO PRE-ENCARGA

fai o teu pedido por teléfono e pasa
a recollelo cando estea preparado



Cumprimos todas as
medidas hixiénicas e sanitarias
ao 100%



Horario:

8:30 a 14:00 h.

POSTO	TELÉFONO
PESCA DE RIA	670504358
PESCADERIA ADELITA	619404613
PESCADERIA MARI CARMEN	636373494
PESCADOS MARIBEL	982241340
PESCADOS MARY PAZ	982245806/648249852
CARNICERIA CORDERO	722105201
CARNICERIA DO CAMPO	982241608
CARNICERIA ECOLOXICA TRALOAGRO	982470748
CARNICERIA MARQUES Y RODRIGUEZ	629748792
CARNICERIA PEIXEIRO	659178612/982241883
CARNICERIA PETEIRO	608413333
CARNICERIA PICOS DE ANCARES	982242826/622024322
CARNICERIA RAFA	982241664
CARNICERIA SOMOZA	982242116
CARNICERIA Y ELABORADOS PILARICA	654816325
POLLERIA PIO PIO	982102657
ALIMENTACION VAZQUEZ LOLO	638273237
BENEDICTO	626008355
MANTEQUERIAS MASARI	982241913
MERCARABASTOS	982250292
PRODUCTOS GALEGOS LOLA	646313717
FRUTAS E HORTALIZAS MAR	698130958
FRUTAS LAURIN	982242231/630205143
FRUTERIA MARTA	722586351
QUESERIA ARCADIO COROAS	609161041
QUESERIA GERARDO	982243338/699014030
PANADERIA MANSO	610417501

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



NO BUS PAGA COA TARXETA CIDADÁ



MENOS
riscos
de contaxio



MAIS
rápidez
no pago



Prezo
MAIS
baixo

PAGA MENOS E VIAXA EN BUS DE FORMA SEGURA:

PIDE CITA NO 010 PARA FACER A TÚA TARXETA CIDADÁ
A TÚA PRECAUCIÓN É A NOSA SEGURIDADE.

GRAZAS por axudarnos a ter un transporte público limpo de covid-19

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



COMUNICADO: A ÁREA DE CULTURA RETOMARÁ A PROGRAMACIÓN HABITUAL UNHA VEZ REMATE O ESTADO DE ALARMA

A edil de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou que, para tentar reducir as consecuencias que a crise sanitaria do COVID19 producirá no sector cultural, "dende a área de Cultura estamos traballando para reprogramar o calendario de actividades culturais do 2020".

Segundo indicou a edil de Cultura, "estamos buscando novas datas para desenvolver os espectáculos adiados, e garantimos as aportacións municipais comprometidas con todas aquellas actividades ás que non sexa posibel atopar unha nova data".

A área de Cultura manterá a colaboración e o apoio ao sector cultural e ao tecido asociativo da cidade. Segundo declarou Maite Ferreiro, "retomarase a actividade nas instalacións culturais dependentes desta área en canto sexa posibel". "Esta crise sanitaria é unha situación excepcional, e dende a área de Cultura debemos dar tamén unha resposta tamén excepcional", afirmou Maite Ferreiro, que engadiu "para as estruturas profesionais da cultura galega estamos diante dun contexto de loita pola propia supervivencia, e dende as institucións temos o deber de colaborar con este sector".

Novo Auditorio

Segundo Maite Ferreiro, "unha vez remate o estado de alarma agardamos poder avanzar de cara a materializar dunha vez a cesión do novo auditorio". Para a edil de Cultura, "as novas instalacións permitirános manter a programación adiada e a continuar co calendario previsto para este ano".

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIONES
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



**VII CONCURSO FOTOGRÁFICO
CIDADÁNS EUROPEOS EN GALICIA**
Europe@s na casa!

Desde Europe Direct A Coruña e Europe Direct Lugo convidámossos a participar neste concurso de fotografía partindo da situación actual marcada pola COVID-19.

PREMIOS

- **Europe Direct A Coruña**

- 1º Premio: 1 Cámara de fotos
- 2º Premio: 1 Tablet

- **Europe Direct Lugo**

- 1º Premio: 1 Cámara de fotos
- 2º Premio: 1 Tablet

TEMAS: #DeporteNaCasa

#ArteNaCasa #LembranzasNaCasa

#MúsicaNaCasa #DanzaNaCasa

#CociñaNaCasa #AplausoSanitario

*Debes incluír un signo representativo da Unión Europea na túa obra.

COMO PARTICIPAR: envíala a túa foto a cidadanseuropeosgalicia@gmail.com

xunto co formulario de participación

PRAZO: do 9 de maio ao 9 de xuño ás 14.00 h.

PARTICIPA!

BASES E FORMULARIO

www.facebook.com/concursocidadanseuropeosengalicia/

#CidadánsEuropeosenGalicia



LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIONES
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



Concurso
de decoración e embelejecemento de
**Balcóns, ventás
e Fachadas**

Inscrição gratuita ata o 12 de xuño en
xuventude@lugo.gal

Exhibición da decoración: do 18 ao
28 de xuño.

PREMIOS*:

• PARA VIVENDAS:

- 1º premio: 1000 €
- 2º premio: 500 €
- 3º premio: 300 €

• PARA COMUNIDADES DE VECIÑOS/AS:

- Único premio de 600 €
- *O importe quedaría suxeito ás retencións fiscais que marca a Lei

+ Info e bases en:

www.concelodelugo.gal e
www.ardelucus.com



962 297 350
(dende fora de Lugo)

DÍX
Oficina de Información Social

- fb.com/ardelucuslugo
- @ardelucus
- instagram.com/ardelucus
- user.ardelucus.lugo

Concello de Lugo
Área de Cohesión Social.
Concellería de Muller,
Igualdade e Xeirariedade
www.concelodelugo.gal

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNIS
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



EN INTERNET:

O Campus Terra & Óliver Laxe: #ReseteaOTeuMundo:

<https://www.youtube.com/watch?v=EzkMRuCz208>



Coñece as mellores curiosidades da nosa terra seguindo a:

<https://twitter.com/SabiasGalicia>

Unha das cancións do espectáculo Pínconús (da compañía lucense do mesmo nome):

<https://www.youtube.com/watch?v=vN460L609Ac>

O Proxecto Rebinxe, Oito cámaras de fototrampeo captan a vida da fauna no Xistral.

<https://www.youtube.com/channel/UCGqlkdgU9IY-yixCXVEeLNcg>

Divertidas receitas animadas para preparar e pazar coa cativada:

<https://www.cidadedacultura.gal/gl/evento/cocineiras-ilustradas-divertidas-receitas-animadas-para-preparar-e-pazar-coa-cativada>

Radiohead libera o seu mítico concerto na sala Astoria de maio do 1994:

<https://www.youtube.com/watch?v=RjQZd8p-eBM>

Mostra de Films de Mulleres (on line):

<https://www.mostrafilmsdones.cat/es/>

Concerto on line dos lucenses Candorka Trío:

<https://apontestudio.com/candorka/>

Homenaxe da banda de música de Sarria ás vítimas do Covid-19:

https://www.youtube.com/watch?v=ywBtJaU6l8c&feature=emb_logo

A sala de cinema de autor en versión orixinal de Lugo, CODEX CINEMA, estrea Instagram:

<https://www.instagram.com/codexcinema/>

As actuacións de "As Letras na rede" (Olga Novo, Lois Pérez, Mamá Cabra, Raiceira, Davide Salvado, Ugía Pedreira, Marina Oural, Ana Carreira...) en:

<https://www.youtube.com/channel/UCueK-F6Ys-VOxpo4Mwwp43GQ>

Estrea en Spotify e You Tube do novo single de "El chico López".

<https://open.spotify.com/artist/2GJult6rMx54IR-f7e74xta?si=4FVTyaZnR-OWw2xBupAoOA>

Visita os museos da Rede Museística Provincial de Lugo da man das súas traballadoras e traballadores:

<https://www.facebook.com/redemuseistica provincial>

MEDIOS DE COMUNICACIÓN. NOTICIAS CULTURAIS DE LUGO.

Lugo propón ao cineasta Oliver Laxe para as Medallas Castelao 2020:

<https://www.elprogreso.es/gl/articulo/cultura/lugo-propone-cineasta-oliver-laxe-medallas-castelao-2020/202006031527331442034.html>

As noites de xuño volveránse encher de música:

https://galego.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2020/06/03/noches-junio-volveran-llevar-musica/0003_202006L3C6991.htm

DJ Marcos Peón: «Fixen máis de 60 sesións en liña no confinamento».

https://galego.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2020/05/30/span-langgl-fixen-mais-60-sesions-lina-confinamientos-pan/0003_202005L30C6991.htm

Guido Álvarez: «A xente ten gánsas de saír e apoiar proxectos da terra».

https://galego.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2020/05/27/span-langgl-xente-ten-ganas-sair-apoiar-proxectos-da-terra-pan/0003_202005L27C6992.htm

Reabre a biblioteca Isidro Novo:

<https://www.xornaldelugo.com/reabre-a-biblioteca-isidro-novo/>

Reactívase a convocatoria do posto de Dirección da Banda Municipal:

<https://www.xornaldelugo.com/reactivase-a-convocatoria-do-posto-de-direccion-da-banda-municipal/>

Un concurso de decoración do Arde Lucus para manter vivo o espírito da festa:

<http://lugoxornal.gal/cultura/24281-un-concurso-de-decoracion-do-arde-lucus-para-manter-vivo-o-espirito-da-festa/>

O San Froilán 2020 celebrarase, pero “non terá nada que ver” co doutros anos:

<http://lugoxornal.gal/cultura/24264-o-san-froilan-2020-celebrarase-pero-non-tera-nada-que-ver-co-doutros-anos/>

TIAM Gz, hip hop “combativo” desde terras lucenses para o mundo:

<http://lugoxornal.gal/a-ulloa/24107-tiam-gz-hip-hop-combativo-desde-terrass-lucenses-para-o-mundo/>

O «Arde Lucus» e o «San Froilán» na mirada de Xurxo Lobato.

<https://vivalugo.es/libros/o-arde-lucus-e-o-san-froilan-na-mirada-de-xurxo-lobato/>

Muralleando Sen Parar – Concertos arredor da Muralla de Lugo:

<https://vivalugo.es/musica/muralleando-sen-parar-concertos-arredor-da-muralla-de-lugo/>

«Espero que entre todos, poidamos salvar a cultura dos libros» Yoli Pumariño.

<https://vivalugo.es/libros/espero-que-entre-todos-poidamos-salvar-a-cultura-dos-libros-yoli-pumario/>

#HoraDaNaturezaADEGA – Campaña en redes sociais na Semana do Medio Ambiente:

<https://vivalugo.es/varios/horadnaturezaadega-campana-en-redes-sociais-na-semana-do-medio-ambiente/>

Aberta a convocatoria do certame artístico «Terra Chá».

<https://vivalugo.es/varios/aberta-a-convocatoria-do-certame-artistico-terra-cha/>

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
EVENTOS/RECOMENDACIÓNES
CULTURAIS EN INTERNET

XUÑO 2020
PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



AXENDA

MURALLEANDO SEN PARAR

VENRES 05 DE XUÑO entre as 20:30 e as 22 horas

Patuk Band, Man de Santo e Pingarela actuando na zona entre San Fernando e o edificio administrativo da Xunta de Galiza, na Mosqueira e en Porta Miñá respectivamente.

SÁBADO 06/06 entre as 20:30 e as 22 horas

Cavianca animará Bispo Aguirre, Lacón Con Grellos Blues Band situarse na rúa Nova e The Old Project animará a rúa do Teatro.

DOMINGO 07/06 entre as 20:30 e as 22 horas

FUNKOMBO na zona entre San Fernando e o edificio administrativo da Xunta de Galiza, Muddy Doll na Mosqueira e Ship of Fools en Porta Miñá.

CONCERTOS

CLUB CLAVICÉMBALO

VENRES 05 – 23:00 h. / 6 €

Wicked World (versións de grandes hits do rock dos 70/80/09).

SÁBADO 06 – 21:00 e 23:00 h.

Nerea Iglesias e Borja López.

INFORMACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE LUGO



CORONAVIRUS E USO CORRECTO DE MÁSCARAS

Fai un uso correcto para non xerar máis risco



Concello de Lugo

Lava as mans antes de poñela.

Evita tocar a máscara.

Cubre boca, nariz e queixo.

Cando esté húmida, tíraa.

Quítala pola parte de atrás,
sen tocar a parte frontal.

#QUEDANACASA

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



CORONAVIRUS E USO DE LUVAS

**Debo utilizar luvas cando saio á rúa para
protexerme do coronavirus?**



Concello de Lugo

NON

**A limpeza axeitada de mans
é máis eficaz porque:**

- 1.** Utilizar luvas moito tempo fai que se ensucien e poidan contaminar.
- 2.** Podes contaminarte se tocas a cara coas luvas contaminadas.
- 3.** Quitarse as luvas sen contaminar as mans non é doado, require dunha técnica específica.

Aínda que SI é convinte usar luvas de usar e tirar para escoller froita/verduras como xa o facías.

E MOI IMPORTANTE: tíralas sempre no lixo!

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



INFORMACIÓN BÁSICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO



INFORMACIÓN



Como medida preventiva ante o coronavirus, a atención ao público en todas as dependencias provinciais limitase aos casos estritamente necesarios e previa solicitude de cita nos seguintes teléfonos:



Información Xeral **982260000**

Presidencia **982260099**

Emerxencias Rede Víaria Provincial **982265944**

Vías e Obras **982265945**

Recursos Humanos e Turismo **982260120**

Benestar Social, Emprego e Igualdade **982260075**

Recadación **982242315**

Contratación **982260083**

Unidade de Saúde **982260218**

Cooperación cos Concellos e Formación **982227812**

Medio Ambiente **982227813**

Finca Gayoso Castro **98231004**

Rexistro **982260030**

Sede electrónica **982260001**

Vicepresidencia, Deportes, Centrad, Medio Rural e do Mar, Mocidade,

Cultura, PHA e Normalización Lingüística **982260193/682714593**

Consortio de Bombeiros **982260048**



DEPUTACIÓN
DE LUGO

INFORMACIÓN XERAL ☎ **982260000** WWW.DEPUTACIONLUGO.GAL



www.facebook.com/deputacionlugo

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



Lembra!



• Os prazos administrativos están suspensos mentres se prolongue o Estado de Alarma.

• Os Museos da Rede Museística, o CENTRAD e o Pazo dos Deportes permanecerán pechados.

• A Atención ao público do resto de servizos da Deputación limitarase ao estritamente necesario, previa solicitude de cita por teléfono.

• Os números de teléfono de información das áreas de Vicepresidencia, Deportes, Cultura, Medio Rural, Mar, Mocidade e Normalización Lingüística son: 982 260 193 e 682 714 593

#QuedaNaCasa #FicaNaCasa

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



INFORMACIÓN BÁSICA DA XUNTA DE GALICIA

GALEGO CASTELLANO

CORONAVIRUS

Inicio Menú

Que debemos saber...

FORMULARIO DE AUTOTEST PARA O CORONAVIRUS

Aviso da posibilidade de suspensión ou aprazamento da actividade cirúrxica programada, consultas externas non urxentes e programas de cribado

Recomendacións da Consellería de Sanidade en relación á situación actual do novo Coronavirus en Galicia

Galicia activa o Plan de Emerxencias

Ver todos

SERVIZO GALEGO de SAÚDE XUNTA DE GALICIA

Buscar...

AUTOTEST CORONAVIRUS

Formulario de autotest para o coronavirus

Información para a poboación

Información para os profesionais sanitarios

Información para outros colectivos profesionais

O más visto

Información para os profesionais sanitarios

Recomendacións sobre o coronavirus

Aviso a viaxeiros

The screenshot shows the official website for COVID-19 information from the Xunta de Galicia. It features a large blue header with the word 'CORONAVIRUS'. Below the header are links for 'Inicio' and 'Menú'. A sidebar on the left lists 'Que debemos saber...' with links to 'FORMULARIO DE AUTOTEST PARA O CORONAVIRUS', 'Aviso da posibilidade de suspensión ou aprazamento da actividade cirúrxica programada, consultas externas non urxentes e programas de cribado', 'Recomendacións da Consellería de Sanidade en relación á situación actual do novo Coronavirus en Galicia', and 'Galicia activa o Plan de Emerxencias'. At the bottom of this sidebar is a 'Ver todos' link. The main content area has a large blue banner with the text 'AUTOTEST CORONAVIRUS' and a 'Formulario de autotest para o coronavirus'. Below this are three cards: 'Información para a poboación', 'Información para os profesionais sanitarios', and 'Información para outros colectivos profesionais'. To the right is a sidebar titled 'O más visto' with links to 'Información para os profesionais sanitarios', 'Recomendacións sobre o coronavirus', and 'Aviso a viaxeiros'. The top right corner of the page includes language selection buttons for 'GALEGO' and 'CASTELLANO'.

www.facebook.com/xuntadegalicia

<https://coronavirus.sergas.gal>

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



Que podo facer en Galicia na fase 2?

- Poderase circular só pola provincia salvo excepcións.
- Autorízanse as reunións de ata 15 persoas.
- Máis flexibilidade horaria para que as persoas de ata 70 anos poidan realizar **actividade física non profesional**.
- Será posible realizar **visitas con cita previa a persoas maiores ou con discapacidade que vivan en residencias**.
- No ámbito laboral, fomentarase a **continuidade do tele traballo**. Nas actividades presenciais facilitarase o **horario laboral flexible ou por quendas**.
- Permitese a **reapertura de locais, establecementos minoristas nun 40% do seu aforo con independencia da súa superficie útil**.
- Os **probadores** deberán utilizarse por **unha única persoa** e serán desinfectados despois do seu uso. Non haberá á disposición do cliente produtos cosméticos de proba.
- O tempo de permanencia nos establecementos e locais será o estritamente necesario e fomentarase o **pago con tarxeta**.

→ Poderán reabrir ao público os establecementos de **hostelería e restauración para consumo no local, sempre que non se supere un 40% do seu aforo**. Os hoteis e establecementos turísticos poderán reabrir as súas **zonas comúns**.

→ Poderanse realizar **actividades de turismo activo e de natureza en grupos de ata 20 persoas**.

→ Tamén se permite a **realización de congresos, encontros, reunións de negocio e conferencias** que non superen os 50 asistentes.

→ Flexibilízanse as **medidas de acceso a bibliotecas, monumentos e salas de exposicións**. Todos os **cines, teatros e auditórios** poderán abrir sempre que non superen un terzo do aforo autorizado.

→ Poderán abrirse as **piscinas** para a realización de actividades deportivas cun aforo limitado do 30%. Pódese acceder ás **praías da mesma provincia**.

→ As **cerimonias nupciais** poderán realizarse sempre que non se supere o **50% do seu aforo**.

→ Permitirase a **asistencia a lugares de culto** sempre que non se supere a metade do seu aforo.

A Xunta de Galicia agradece o compromiso dos e das profesionais da saúde e o comportamento da cidadanía

LUGO - INFORMACIÓN
INFORMACIÓN BÁSICA
SOBRE O CORONAVIRUS

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



INFORMACIÓN BÁSICA DO MINISTERIO DE SANIDAD

SERVICIOS AL CIUDADANO SERVICIOS AL CIUDADANO SEDE ELECTRÓNICA Castellano

participación pública en proyectos normativos

016 ATENCIÓN A VICTIMA DE MALOS TRATOS

GOBIERNO DE ESPAÑA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA DEL GOBIERNO MINISTERIO DE SANIDAD MINISTERIO DE CONSUMO AGENDA 2030

ORGANIZACIÓN SANIDAD CONSUMO SERVICIOS SOCIALES PRENSA

SANIDAD

Ciudadanos Profesionales Biblioteca y Publicaciones Sanidad en datos

Enfermedad por nuevo coronavirus, COVID-19

Información actualizada sobre el brote

Situación actual

Información para la ciudadanía Documentos técnicos para profesionales

Información para Prensa

Traducir Compartir Me gusta 14 Descargar página actual en PDF Web temáticas Personaliza tus servicios RSS Ocultar barra de utilidad

[www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/
ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm](http://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm)

www.facebook.com/MinSanidad

XUÑO 2020

PROGRAMA DO 04/06 AO 10/06

Información cultural elaborada o mércores 03/06. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

www.facebook.com/LugoTurismo

www.instagram.com/culturaturismolugo

www.twitter.com/LugoTurismo

Coa cultura en Lugo:

